



Concello de Cervantes

Expediente núm. 223/2024

Resolución de Alcaldía co número e data establecidos ao marxe.

Procedemento: Bolsa de emprego servizo Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

Asunto: Nomeamento tribunal cualificador e fixación de data para a realización das probas.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nas Bases que rexerán a constitución, mantemento e funcionamento dunha bolsa de emprego para o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais nas categorías profesionais de: xefe de brigada prevención e defensa contra incendios forestais, peón-condutor brigada prevención e defensa contra incendios forestais, peón brigada prevención e defensa contra incendios forestais e condutor de vehículo motobomba, aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13/06/2024.

Logo de ver a Resolución de Alcaldía nº 2024-0242 de data 26/06/2024 mediante a que se aproba a Lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as de dito proceso.

Esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confire a lexislación vixente en materia de réxime local, pola presente,

RESOLVE:

Primeiro.- Proceder ao nomeamento do Tribunal Cualificador do proceso, que quedará composto da forma que a continuación se relaciona:

PRESIDENTE:

- Óscar Doral García, empregado público do Concello de Cervantes.

SECRETARIO:

- Diego Gontá Novo, empregado público do Concello de Cervantes.

VOGAIS:

- M^a Adelina López Digón, empregada pública do Concello de Cervantes.
- Daniel Pérez Vázquez, empregado público da Consellería do Medio Rural.
- Mario Álvarez Pérez, empregado público do Concello de Navia de Suarna.

Segundo.- Fixar como data de constitución do Tribunal Cualificador e valoración de méritos o **martes 08 de xullo de 2024** ás 9:30 horas na Casa do Concello de Cervantes, en San Román.

Terceiro.- Fixar como data para **a realización do primeiro exercicio (teórico) o martes 9 de xullo de 2024 co seguinte horario:**

- **Peón de brigada: 10.00 horas**





Concello de Cervantes

- **Peón-condutor de brigada: 10.30 horas**
- **Condutor VMB: 11.00 horas**
- **Xefe de brigada: 11.30 horas**

convocando para a realización da mesma aos aspirantes admitidos. Ese mesmo día, logo da realización das probas publicarase na sede electrónica do concello (<https://cervantes.sedelectronica.gal>) o listado cos/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio e acada a posibilidade de realizar o segundo exercicio (práctico).

Cuarto.- Fixar como **data para a realización do segundo exercicio (práctico) o mércores 10 de xullo de 2024 ás 10:00 horas** nas instalacións do Edificio de Servizos Múltiples do Concello de Cervantes (Casa Catoira), en San Román, convocando aos aspirantes que previamente superasen o primeiro exercicio, para a súa comparecencia no lugar e data indicados.

Quinto.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello (<https://cervantes.sedelectronica.gal>).

Mándao e asíno o Sr. alcalde, Benigno Gómez Tadín, en Cervantes, na data da sinatura electrónica ao marxe.

Documento asinado de forma electrónica.

